

O XARDÍN DE CATUXA

- Catuuuxaaaa! Lisca para a casa! Que xa non son horas de estar ao resío! E ti, rapaz, vaite indo, que se che vai botar a noite enriba! Andando!
- Xa vou, miña nai! Qué pesadelo, meu Deus! E ti, Rafael, esa man quieta, que vai vir! E, como nos pille, acabáronse as visitas e os parrafeos! Veña, marcha xa! Un biquiño rápido e ata o domingo que vén!

E aí se nos acababa todo, filliña. Iamos ó matrimonio cegas... pero ilusionadas. Que sorte tedes agora! Como cambiaron os tempos! Túa nai xa viviu doutra maneira, pero nós...canto nos temos contido! Pero tiña a súa gracia. Aqueles contiños na orella entre biquiños roubados! E os nenos axexando entre as regañas das pedras da caseta para ver que faciamos...Ai, se o meu xardín falara!

-